

AO CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

ANXO LOUZAO RODRÍGUEZ, en representación do sindicato Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-ENSINO), con CIF G-15.579.832, do cal é secretario nacional, con enderezo na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10 - San Lázaro, 15707 Santiago de Compostela, e **MARCOS MACEIRA EIRAS**, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística (MNL), CIF G15154610, con enderezo na Avenida de Lugo, 2ª, entresollado A, Santiago de Compostela, comparecen e **EXPOÑEN**:

Que, conforme ao disposto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXPAC), formulan SOLICITUDE DE INICIACIÓN DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO, con base nas seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRO. A Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Traballo ditou, con data do 18 de novembro de 2011, a resolución de autorización de inicio de actividades do centro de servizos sociais JUNGLE WORLD, situado no municipio da Coruña (rúa Magistrado Manuel Artime, 26 baixo) e do cal é titular a sociedade mercantil JUNGLE WORLD, S.L., que figura inscrita no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número de identificación E-5623-C-1.

SEGUNDO. O día 6 de outubro de 2015, a empresa JUNGLE WORLD, S.L. remitiu ao seu persoal un comunicado relativo aos usos lingüísticos do profesorado. Tras expor que o centro se fai chamar «*bilingüe*» por desenvolver as súas actividades en español e inglés, xustifica a necesidade de establecer directrices por escrito dado que «*de forma inesperada hemos observado el uso del gallego en alguna clase*». Ante tal situación, indica en que linguas deben impartirse as actividades: «*las clases de inglés, en inglés*» e «*las clases de música y psicomotricidad, en español*».

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 156089 / RX 2056871

Data 16/10/2015 11:05:11



Tras conceder que o profesorado pode utilizar «*cualquier lengua o dialecto*» (sic) no seu ámbito privado, a dirección da empresa advirte que o incumprimento desta instrución de usos lingüísticos no centro de traballo pode levar aparelladas medidas disciplinarias: «*es una directriz marcada por la propia dirección referida a la programación y por tanto debe cumplirse como tal. A ese tenor, os recordamos que el no ajustarse a las programaciones del centro tendría la consideración de falta grave. El uso del español en las actividades de música y psicomotricidad (y cualquier cuestión accesoria dentro del ámbito de prestación del servicio, como puede ser la comunicación con familias en agendas, boletines, entrevistas o cualquier otro) es por tanto un deber inexcusable*».

Achégase con este escrito copia da comunicación enviada ás traballadoras do centro.

TERCEIRO. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, dispón no seu artigo 6.3.m) que todas as persoas, en tanto que usuarias dos servizos sociais, terán o seguinte dereito en relación co sistema galego de servizos sociais: «*o respecto aos dereitos lingüísticos das persoas usuarias, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento por parte do sistema galego de servizos sociais da súa actividade desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego*».

Consonte ao artigo 2.4 da mesma Lei, as «*entidades de natureza privada e carácter mercantil*» que contén coa preceptiva autorización administrativa, como é o caso de JUNGLE WORLD, S.L., son parte integrante do sistema galego de servizos sociais, polo que deben suxeitar a súa actuación aos seus obxectivos e principios orientadores, entre eles o respecto aos dereitos lingüísticos e a práctica da denominada «*oferta positiva*» da lingua galega. Este concepto aparece definido como obxectivo do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza o 7 de setembro de 2004, e consiste en que o galego debe ser a lingua inicial de atención á cidadanía no ámbito dos servizos públicos.

De forma máis específica, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo cal se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia dispón no seu artigo 27.3 que: «*As escolas infantís 0-3 adaptarán o seu funcionamento a un proxecto educativo de centro que defina a súa identidade, formule os obxectivos que se pretenden acadar e exprese a súa estrutura organizativa. O dito proxecto educativo incluírá, entre os seus apartados, o tratamento lingüístico do centro*

que deberá acadar o desenvolvemento das capacidades dos/das nenos/as nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurará a introdución da terceira lingua».

Aínda que se considere que o precepto que acabamos de transcribir non é de aplicación directa ao centro JUNGLE WORLD, por tratarse dun espazo infantil e non dunha escola infantil, parece obvio que a Administración non pode consentir que nun e noutro tipo de centros se apliquen criterios totalmente opostos en relación cos usos e dereitos lingüísticos, máxime cando a normalización da lingua galega é un deber que se impón aos poderes públicos en virtude do artigo 2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

CUARTO. A práctica da empresa JUNGLE WORLD, S.L. de proscribir o uso do galego nas súas actividades, chegando a advertir as súas traballadoras de que poden ser sancionadas en caso de usaren o idioma propio e oficial de Galiza, supón unha odiosa discriminación por razón de lingua e un intolerábel incumprimento dos deberes legais dunha entidade integrada no sistema galego de servizos sociais, fronte á cal a Administración, que autoriza o establecemento, non pode permanecer impasíbel, pois do contrario estaría a incorrer nos mesmos vicios.


Polo exposto,

SOLICITAN: Que teña por presentado este escrito e por realizadas as alegacións anteriores, acordando de forma inmediata a adopción das medidas necesarias para garantir os dereitos lingüísticos e a oferta positiva da lingua galega no centro de servizos sociais JUNGLE WORLD, sen prexuízo da apertura de expediente sancionador á empresa titular do centro.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2015.



O secretario nacional da CIG-Ensino
Anxo Louzao Rodríguez



O presidente da MNL
Marcos Maceiras Eiras